

WINSTANLEY

(...) A meirande parte das nacións occidentais, e moitas orientais e do terceiro mundo, teñen a súa orixe en revolucións sociais e guerras civís: EEUU, Rusia, China, Francia, Vietnam, Sudáfrica e Irlanda, por citar só algunhas. Moitos británicos cultivados sorprenderíanse ao coñecer que a nosa nación tamén se inclúe nesta listaxe, pero é así. Mediado o s. XVII executamos ao noso rei e sufrimos unha sanguenta guerra civil para determinar o tipo de sociedade na que viviría a nosa descendencia. Non só loitaron soldados e tropas entre si, tamén o fixeron as ideas. Eran tempos de grandes visionarios esquecidos: homes e mulleres que crían poder intuír un camiño cara un novo e mellor xeito de organización social, algún principio polo que poderíamos compartir a riqueza da terra con maior xustiza e levar as nosas vidas en paz cos demais, unha maneira de machucar os «grillóns forxados pola mente» que someten todos os estratos da sociedade por igual.

Gerrard Winstanley foi, de entre estes visionarios, un dos máis senlleiros. Sostivo que a xente común de Inglaterra fora escravizada a través do máis básico de todos os medios de produción, o control da terra por parte dos señores feudais desde a invasión normanda, e suxeriu, nos termos máis pacíficos posibles, que a terra, o noso tesouro común, podería ser compartida.

En abril de 1649, un grupo de preto de 40 'cavadores' inspirados por Gerrard Winstanley e William Everard empezaron a traballar espazos comunais non cultivados en Saint George's Hill, en Cobham, Surrey, e construíron modestas cabanas para vivir, gardar os seus bens e producir en común. Ao correrse a voz, os posuidores de privilexios decatáronse das consecuencias que esta pequena acción carreaba e as autoridades tornáronse hostís. A comuna foi dispersada polas tropas gobernamentais, Everard e Winstanley arrestados, xulgados e duramente multados. Cada novo intento por revitalizala foi reprimido de xeito violento e intimidatorio. Con todo, a pesar da oposición governamental contra a experiencia, a colonia Cobham resistiu até 1651. Os 'cavadores' inspiraron colonias noutras zonas de Inglaterra, pero ningunha delas puido resistir ás forzas mobilizadas na súa contra.

Winstanley soñou con un mundo máis xusto e feliz, este soño repetiuse noutras persoas en séculos posteriores, porén aínda agardamos a súa realización.

A película *Winstanley* trata de retratar a este extraordinario home, a súa personalidade e motivacións e tamén a época na

que lle tocou vivir. Non hai implicación. Foi realizada polo mesmo equipo que, doce anos antes, producira *It Happened Here*, unha arrepiante fantasía do que tería sido Inglaterra baixo a ocupación alemá no período bélico. Andrew Mollo, o director artístico e co-director de ambos os dous proxectos, non se implica como suxeito no tocante á exactitude histórica. Desde os apeiros que a xente usa, até as razas de porcos e galiñas que posuían, o salgueiro co que están construídas as cabanas da xente humilde, mesmo as costuras das túnicas, mírese onde se mire todo é preciso. É o máis próximo que se pode estar do s. XVII. Só por isto paga a pena ver o filme. Pero, ao tempo do rigoroso e preciso tratamento de costumes e decorados, a película contén igualmente algún dos máis angustiosos momentos dos dramas históricos dos que teño coñecemento. Non hai bos nin malos en *Winstanley*. Ninguén é tratado como encarnación do mal nin de xeito trivial ou unidimensional. Trátase, case por enteiro, dunha historia de persoas ben intencionadas inspiradas ou profundamente ameazadas pola idea dunha nova orde social e que actúan en consecuencia.

Non se reduce a sacar ideas superficiais dun folleto político. Trátase dun intento serio de comprender a psicoloxía social e individual do idealismo. É dicir, unha análise da maneira en que a xente se fai dano entre si, sen intención, na procura do que cre con sinceridade que é o mellor. As persoas idealistas non sempre son fáciles de tratar, non son xente que resulte cómodo coñecer.

O propio Winstanley é interpretado por un mestre e actor afeccionado, Miles Halliwell, que representara ao lector nazi en *It Happened Here*. Foi esta unha boa opción para o papel, pola súa enorme presenza en pantalla, a súa convincente determinación e a súa total integridade cara á súa personaxe: exactamente a calidade correcta para ser «un home aparte». Resulta tan convincente no papel de Winstanley como o fora no de apoloquista do fascismo no seu primeiro filme –encarna ao pensamento en si propio!-. O único actor profesional do reparto é Jerome Willis, que proporciona unha poderosa pero en absoluto distante encarnación do xeneral Lord Fairfax, irradiando a seguridade do nobre nacemento en cada unha das escenas nas que intervéñ. El personifica o sistema social de clases e privilexios fronte ao que os 'cavadores' aparecen como un feble adversario.

O filme, como a novela na que está baseado, narra cun sentido de inevitable traxedia. Desde a súa escena inicial, nunha ladeira

azoutada polo vento na que Parson Platt (David Bramley) e Winstaley tratan en balde de comunicarse con voces case afogadas polo estrondoso vendaval, ata o esgazado primeiro plano da face de Winstanley baixo a treboada ao final da película, sabemos que esta brillante visión comunitaria non se materializará. Cando menos, non polo momento. E este é o pensamento que a película nos deixa, como ao longo de todo o relato, a través das verbas do propio Winstanley. Os soños comunitarios non morren cos seus creadores, son simplemente abandonados no camiño a modo de cargas levadas até certa altura do sendeiro para seren recollidas por outros viaxeiros máis novos e frescos que as levarán outro día un chisco máis lonxe.

Non hai moitos libros ou filmes aos que se poidan honestamente describir como inspiradores. Este é un deles.

David Gardiner

<http://www.imdb.com/reviews/159/15990.html>

Texto publicado por primeira vez en MDNG (Movie Database News Group) en 1998

* * * * *

Realmente non hai moito que dicir de Winstanley, agás que é a máis fermosa e misteriosa película inglesa desde o mellor Michael Powell (ao que non se asemella en ningún outro aspecto) e a mellor película histórica pre-século XX desde *The rise of Louis XIV* (Rosellini) ou a *Crónica de Ana Magdalena Bach* de Straub-Huillet. Sei que pode resultar esaxerado pero non son quen de esquivar esta idea. Filmes dunha beleza misteriosa que contan algo sobre o pasado son raros e, certamente, non se espera atopar nada tan idiosincrático como isto no cinema inglés.

Brownlow e Mollo foron condenados polo seu rexeitamento a seguir moitas regras non escritas. O prólogo da película, unha pincelada rápida do período histórico (tan áspera como calquera de Straub-Huillet -incluídos a escena da batalla e os títulos explicativos ao estilo Griffith-) foi filmado en 16 mm. e o resto en 35 mm. Todas as personaxes, á excepción de dúas, son asumidas por non profesionais. O esforzo por recrear a época no detalle (o brasón orixinal da batalla, as cabanas construídas a man, os traxes, as razas virtualmente extintas de vacas, porcos e aves e mesmo un celeiro traído desde Essex peza a peza) podería compararse co de Stroheim se non fora polo limitado orzamento co que se realizou.

Como era previsible, a autenticidade na súa meirande parte fica invisible (como en Stroheim), pero exerce claramente o seu influxo sobre os participantes na rodaxe. A intransixencia da película e dos seus autores harmoniza, a moitos niveis, coa do heroe e a súa causa, ata chegar mesmo a mesturarse na nosa percepción e salvar os 325 anos que os separan. Como escritor, Brownlow foi sempre, antes que crítico, fan e cronista do cinema silente, non obstante a súa absorción non caeu nunca nunha cuestión de nostalxia convencional; e *Winstanley* é, máis ca unha homenaxe, unha expresión xenuína da sensibilidade do cinema silente. A música de Prokófiev *Alexander Nevsky* úsase no prólogo a modo de acompañamento, como nun filme silente e non como partitura de banda sonora na liña de Eisenstein. Pertence a outro

mundo, ao igual que as interpretacións (cativadoras ao tempo que cativadas) de Miles Halliwell ou de Winstanley, ou que a crueza física da atracción das personaxes, o clima e a paisaxe. Tempo e terreo pertencen a outro mundo, un mundo de texturas que é recreado desde as raíces, non recollido na tranquilidade dun álbum de recortes.

Sobre todo, e de forma paradoxal, trátase dun filme que descoloca, modesto de xeito mesmo preocupante, de igual xeito que os panfletos revolucionarios de Winstanley, que serven como narración, resultan selo en extremo. (...)

Ao igual que *Barry Lyndon*, este filme é ciencia ficción sobre un pasado no que unha época que desaparece convértese no foco dalgún tipo de rareza, marabilla e asombro comunmente reservados ao futuro. Négase a coquetear con demandas simples para a «relevancia contemporánea» antes que deixalas xurdir naturalmente do material, traizoando así o respecto por unha audiencia que é todo menos anacrónica.

Jonathan Rosenbaum

<http://www.jonathanrosenbaum.com/?p=15145>

Revisión do texto aparecido en *Film Comment*, xaneiro/febreiro 1976 e en *Time Out*, febreiro 20-26, 1976

* * * * *

Winstanley de Kevin Brownlow e Andrew Mollo foi algo novo para o foro, e foi recibido en Berlín con entusiasmo. É, de feito, unha película orixinal, que emprega formas narrativas tradicionais para expresar unha idea. Quizais foi iso o que descolocou á audiencia local do Festival Cinematográfico de Cork. (...)

Baseada na novela *Comrade Jacob* de David Caute, e cun diálogo tomado dos escritos orixinais de Gerrard Winstanley (o idealista cromweliano que se empeñou en establecer unha comuna no século XVII na ladeira de Surrey) esta conmovedora historia do nacemento e fracaso dun ideal abrangue moitas áreas de experiencia política e social ao tempo que mantén os seus contactos dentro do nivel de experiencia simple e terreal.

Criado e adestrado en películas realizadas décadas antes do seu nacemento (en 1938) Kevin Brownlow é verdadeiramente o último gran creador de películas silentes. Non hai nada arcaico ou moribundo neste renacer das técnicas de edición e a iluminación ao estilo Rembrandt das películas do Hollywood de hai 50 anos, pola contra son empregadas con vitalidade e frescura. Tampouco renega do recoñecemento dos mestres: a escena da batalla coa que se abre a película (con soldados que portan armaduras e armas orixinais do período no canto de imitacións que serían moi custosas) é atravesada pola música de Prokófiev que acompaña igualmente a batalla no xeo en *Alexander Nevsky* de Eisenstein. *It Happened Here*, a colaboración previa de Brownlow con Andrew Mollo, e *Winstanley* son dous dos máis singulares traballos saídos do cinema británico.

David Robinson

Extracto de «Progressive cinema in Berlin», *The Times*, 14 xullo 1975

[Traducións de Martázul Busto]

■ PRÓXIMA SESIÓN:

Mércores 2 de novembro | 21:30 h

Sen teito nin lei (*Sans toit ni loi*, Agnès Varda, 1985, 105', VOSG)

■ PROXECCÍONS

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)

cineclubedecompostela@gmail.com

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN

O Cineclube de Compostela tenta ser unha asociación autoxestionada. Para manter o noso funcionamento,

propoñemos unha aportación económica persoal:

Cota mensual traballadores/as: 5 e.

Cota mensual para estudantes e parados/as: 3 e.

Socios/as protectores/as: 75 e./ano

Follas do Cineclube de Compostela | 26 de outubro de 2011